

Concello de Mondariz

EXPEDIENTE: 297/2019
ASUNTO: Contrato de explotación do servizo de quiosco na praia fluvial de O Ceo.
TEMA: Informe técnico

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

A requerimento do Concello de Mondariz, en relación ao expediente iniciado para licitación do contrato relativo á explotación do servizo de quiosco na praia fluvial de O Ceo, en Mondariz; emito o seguinte,

INFORME

1.- Descrición detallada:

A instalación do quiosco sitúase nunha parcela de titularidade municipal, inscrita no Inventario de Bens Municipais, que forma parte da parcela con referencia catastral 36030A051000470000MR, sita na praia fluvial de O Ceo, en Mondariz.

Por parte do Concello de Mondariz, cederase a xestión do quiosco, destinado unicamente á prestación deste servizo, nos termos previstos polos pregos que rexerán a licitación, entregándose os seguintes elementos terminados e en funcionamento:

- Edificación que inclúe dous aseos independentes para ambos sexos, con acceso dende o exterior; e un espazo para almacenamento (quiosco) con porta de acceso e ventá exterior.
- Conta con instalación eléctrica completa, e con instalación de fontanería e saneamento, tal como se describe na memoria técnica realizada polo arquitecto técnico don Celso Marino Rodríguez, e asinada con data de febreiro de 2017.

A superficie construída total do quiosco é de 30,00 m². A superficie total ocupada, é así mesmo, 30,00 m². A superficie útil interior, destinada unicamente a quiosco, é de 19,67 m².

2.- Valoración:

Previo recoñecemento e estudo dos bens, tomando como referencia valoracións de establecementos análogos no sector hostaleiro, e tendo en conta a súa situación, emprazamento, superficie e características, estímase unha valoración polo ocupación do dominio público, de 1.200,00 euros anuais (mil douscentos euros en 12 meses).

3.- Obras e instalacións:

Non son necesarias obras para posibilitar o uso e explotación do quiosco.

4.- Comunicación previa de actividade:

O adxudicatario deberá respectar na explotación do local as prescricións necesarias para a protección do medio ambiente, así como os valores límite de emisión acústica e as medidas preventivas necesarias. Á súa vez, de maneira previa ao comezo da actividade, o adxudicatario realizará no Concello a correspondente comunicación previa de actividade.

5.- Medidas sanitarias:

No exercicio da explotación deberán observarse en todo momento as condicións hixiénicas que establece a lexislación vixente, principalmente no Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas e o Regulamento CE 852/2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios. Ademais, o adxudicatario da concesión deberá respectar as prescricións sanitarias recollidas na Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, na súa redacción dada pola Lei 42/2010, de 30 de decembro.

6.- Danos e prexuízos:

A valoración dos danos e prexuízos que a ocupación puidese ocasionar cun uso normal, valorarase no momento de finalizar a ocupación.

En Mondariz.

A arquitecto.

Documento asinado electrónicamente na marxe.

